



Modelo MD75PRO0_

Relacións Internacionais

Documentación de Intercambios Erasmus para engadir na guía do estudante.

1. Descrición

Erasmus+ é o novo programa financiado con fondos europeos que se desenvolverá do 2014 ao 2020. En materia educativa abarca todos os niveis: escolar, formación profesional, ensino superior e formación de persoas adultas.

Céntrase na aprendizaxe formal e informal máis aló das fronteiras da UE, cunha clara vocación de internacionalización abríndose a terceiros países co obxectivo de mellorar as capacidades educativas e formativas das persoas para a empregabilidade de estudantes, profesorado e traballadores e traballadoras.

SEPIE <http://www.sepie.es>

2. Tipos de programas

Temos 2 tipos de mobilidade Erasmus+ na EASD Antonio falide.

Un programa clave KA103 no que se poden disfrutar intercambios con países da Unión Europea no que temos unha relación de socios xa establecida que se desglosa a continuación e sempre con posibilidade de ampliación tanto de novos países, como de máis Escolas ou Universidades dentro dos países xa socios.

E outro programa KA107, un consorcio CARTES formado por máis de 20 institucións españolas, Universidades e escolas do ámbito das artes todas elas, que poden facer intercambio con países fora das fronteiras europeas, Oriente Medio e Asia. No presente existen intercambios con Xordania, Albania e India, e existe a posibilidade de ampliación con países como Thailandia, Vietnam, Camboia...

Nos programas KA103 a posibilidade de intercambio é de formación ou prácticas para o alumnado e tamén existe intercambio de formación para o profesorado.

No KA107 temos a posibilidade de formación para o alumnado en países e facultades de Albania, Xordania e India.

2.1 Países Intercambio

A día de hoxe xa existe acordo firmado de intercambio cos seguintes países: Dinamarca, Italia, Polonia, Portugal e Lituania. Con varias escolas e universidades en cada un deles. Por mencionar algunha temos escolas como ESAD Matosinhos, KEA, Vilnius, ISIA...

Agora mesmo estamos en proceso de ampliar ditas escolas e tamén en breve ampliaremos a países como Finlandia.



3. Calendario

Debido aos dous tipos de intercambio que existen, temos variacións nas datas das mobilidades. Explicamos desglosado as datas das mobilidades e as solicitudes en cada un dos programas.

3.1 KA103

Nos programas de mobilidade de **formación** se fai o proceso de selección o ano anterior ao disfrute da mobilidade entre as datas de Marzo/Abril. A súa resolución se publica no prazo de 20 días despois do peche da solicitudes e a partir de esas datas se comeza o negociado coa escola a que se pretende facer a mobilidade.

As mobilidades deste programa son de 4-5 meses, un cuatrimestre (Outono-Inverno ou Primavera-Verán). Sempre en cursos superiores ao primeiro ano.

As mobilidades de **prácticas**, somentes se poden realizar no 4º curso das Ensinanzas superiores de deseño con todas as materias superadas, e a súa convocatoria se celebra nos meses de Outubro-Novembro do curso no que serán disfrutadas ditas mobilidades. Estas becas son de 3 meses de estancia en empresas do extranxeiro, e o alumno faise cargo da busca de país, empresa, etc... no que desexe realizar dita estancia.

3.2 KA107

Este programa de mobilidade de formación en Albania, Xordania e India, permite estadias de 3 a 4 meses. O intercambio o poden disfrutar alumnos de Ensinanzas Superiores de Deseño e de Ensinanzas Artísticas Profesionais. En tódolos casos se celebrarán sempre que o alumno teña superado o primeiro curso por completo e dependerá dos distintos departamentos a posibilidade de disfrute de ditas becas.

Para as Ensinanzas superiores e moi complexo a posibilidade de convalidación de créditos debido a diferenza entre programas e plans de estudos, e para as Ensinanzas Artísticas Profesionais o calendario de estancia na proba piloto deste curso se celebrou no terceiro trimestre dos alumnos que cursaban 2º curso.

As convocatorias se celebran no mes de Febreiro e marzo.

4. Requisitos

Os requisitos xerais que se enumeran a continuación deben ser complemento dos requisitos específicos que se pidan en cada unha das convocatorias. Neste apartado se enumeran os requisitos mínimos e comúns a cumprir para poder acceder a ditas mobilidades.

É obrigatorio ter superado como mínimo o primeiro curso completo da especialidade que o alumnno esté a cursar xa que é requisito obligatprio Erasmus ter o primeiro curso completamente aprobado. Polo cual se pide unha certificación de notas do curso anterior en cada unha das convocatorias que se celebren.



Outro dos requisitos é o coñecemento da lingua estranxeira que se solicite dependendo da mobilidade. O certificado B1 en lingua estranxeira, e outro dos documentos que se solicita na fase de concurso das convocatorias.

Outros requisitos indispensables para calquera das mobilidades é o CV Euroopass e unha carta de motivación preferiblemente en lingua inglesa, para poder emitir a escola na que se solicita a mobilidade.

Outro dos requisitos xerais de valoración que se piden é un portfolio de traballos do alumno. Este será ferramenta de valoración dentro da propia escola, e na escola de destino.

Os demais requisitos serán cubrir as documentacións solicitadas en cada convocatoria: Application forms...

Todo isto serán requisitos obrigatorios no proceso de selección. Unha vez teña resolución dito proceso o alumno debera cumprimentar outros requisitos pertencentes xa o proceso de mobilidade que se irán explicando ao longo do ano según tipo de mobilidade.

Por enumerar algún deles, será obrigatorio recordar que o alumno deberá facer un seguro civil e penal para o estranxeiro e correrá pola súa conta para poder disfrutar da mobilidade. Este é un dos requisitos obrigatorios para a concesión da beca.

Tamén se firmara un convenio de subvención con cada alumno para que en caso de incumprimento de calquera dos requisitos solicitados o alumno poda ser sancionado ou cancelado do proceso.

5. Oficina Internacional

OFICINA INTERNACIONAL

Tonho Ferreiro (Coordinador internacional)

EASD Antonio Faílde Avda. Universidade nº 18. 32005 Ourense

erasmus@escolarte.com